

VISITA DO IEU AO MUSEO DAS FEIRAS DE MEDINA DEL CAMPO (VALLADOLID)

O 28 de abril o Instituto de Estudos Ulloáns participou na visita ao Museo das Feiras de Medina del Campo organizada polo concello de Monterroso co fin de coñecer as instalacións e contidos deste tipo de museos.

O Museo de Medina del Campo non é un simple museo dedicado á famosa feira local, é o resultado da fusión da *Fundación Museo de las Feiras* e da *Fundación Simón Ruiz*. Contén valiosas obras de arte do século XVI, doadas por diferentes institucións e particulares, así como o arquivo e colección de Simón Ruiz, rico comerciante do século XVI iniciador da actividade bancaria en España, e o arquivo fotográfico e documental do patrimonio histórico artístico da Terra de Medina del Campo

Para acadar a alta calidade deste Museo das Feiras foi necesaria a implicación de todas as administracións con responsabilidades culturais: *Ayuntamiento de Medina del Campo*, *Diputación de Valladolid*, *Consejería de Cultura y Turismo*, e *Universidad de Valladolid*.

Os representantes do Concello e do IEU, acompañados por un grupo de veciños de Monterroso, percorreron as salas do museo seguindo as explicacións do historiador local que exerceu de guía, tomando nota tanto dos obxectos expostos como do deseño expositivo.



Representantes do IEU e veciños de Monterroso na porta do Museo das Feiras



Jesús Otero, vicepresidente do IEU, entrando no Museo das Feiras



O alcalde de Monterroso, Miguel Rico, e o asesor do concello, Jesús Otero Calvo, atendendo ás explicacións do guía do museo



Historiadora do IEU fotografando obxectos e deseños expositivos do Museo das Feiras